

Expediente 3468/2020

Proceso de selección para a provisión como funcionario interino (A2) por programa de carácter temporal, de Técnico/a Medio de Apoio na oficina EDUSI: Programa de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado “Ponteareas Habitat Saudable”,

## ANUNCIO

### RESULTADO DA FASE DE CONCURSO E DATA DE REALIZACIÓN DA PROBA PRÁCTICA

O día 26 de novembro de 2020 o tribunal de selección do proceso para a provisión como funcionario interino (A2) por programa de carácter temporal, de Técnico/a Medio de Apoio na oficina EDUSI: Programa de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado “Ponteareas Habitat Saudable”, de conformidade coas bases publicadas no BOPPO nº 169 de data 2 de setembro de 2020, avaliou os méritos achegados e fixou data para a realización do primeiro exercicio da fase de oposición.

### AVALIACIÓN DE MÉRITOS

Acordouse por unanimidade dos membros do tribunal, que tal como dispón a base 5ª, na formación só serán avaliados os cursos por xestión e desenvolvemento de programas europeos, planificación estratéxica e actuacións subvencionables na Administración Pública, contratación pública, procedemento administrativo, xestión de subvencións. E na experiencia só será avaliada a realización de traballos vinculados a financiamento FEDER, outros fondos comunitarios ou realizando funcións similares.

### RESULTADO DA FASE DE CONCURSO

|  |                |                 |               |
|--|----------------|-----------------|---------------|
|  | Máximo 1 punto | Máximo 3 puntos | Máx. 4 puntos |
|--|----------------|-----------------|---------------|



|  | Formación complement por cursos | Formación complement por bolsas de formación ou práctica laboral en AP | Experiencia como técnico en AP | Experiencia en categoría inferior en AP | TOTAL PUNTOS FASE DE CONCURSO |
|--|---------------------------------|--|--------------------------------|---|-------------------------------|
| ESCOBERO CELA<br>PABLO ***1512**               | 0,15                            | 0,60   | 2,80                           | ----                                    | 3,55                          |
| REBOREDO<br>GONZÁLEZ FELISA<br>***5531**       | ---                             | ---  | ---                            | ---                                     | 0,00                          |
| BLACH SILVA MARTA<br>***6976**                 | ---                             | ---  | ---                            | ---                                     | 0,00                          |
| VERGARA GIL JOSÉ<br>ANTONIO***6773**           | ---                             | ---  | ---                            | ---                                     | 0,00                          |
| PIÑEIRO GONDAR<br>BEATRIZ ***5816**            | 0,15                            | 0,60   | ---                            | ---                                     | 0,75                          |
| REY BARRAL<br>EDUARDO JOSÉ<br>***8882**        | ---                             | 0,60   | ---                            | ---                                     | 0,60                          |
| ÁLVAREZ ALONSO<br>ANADÍA ***8584**             | ---                             | 0,90   | 3,00                           | ---                                     | 3,90                          |
| FERNÁNDEZ<br>SABORIDO ANXO<br>MANUEL ***9973** | 0,45                            |  |                                | 3,00                                    | 3,45                          |

Contra o acordos do Tribunal, os aspirantes poderán interpoñer reclamación no prazo de 3 días hábiles, contados a partir do seguinte a data da súa publicación na páxina web municipal e no taboleiro de edictos.

Contra a desestimación das reclamacións indicadas poderase interpoñer recurso de alzada ante o órgano que designou ao tribunal (Alcalde) no prazo dun mes contado a partir do seguinte ao da súa notificación ou publicación.



## **PRIMEIRO EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN: proba práctica.**

En canto ao contido desta proba, a base 5ª establece:

*“Primeiro exercicio de carácter obrigatorio e eliminatorio:*

*Consistirá en resolver un ou varios supostos prácticos que propoña o tribunal, relacionadas coas materias obxecto do temario establecido no ANEXO I, no prazo de tempo que estableza o tribunal en función da natureza da proba.*

*Durante o desenvolvemento da proba os/as aspirantes poderán, en todo momento, facer uso dos textos legais dos que acudan provistos, non permitíndose o manexo de textos comentados nin libros de formularios.*

*O exercicio deberá ser lido obrigatoriamente ante o tribunal en sesión pública na data que se determine. Este exercicio puntuarase de 0 a 6 puntos sendo necesario para aprobar obter unha puntuación mínima de 3 puntos. O criterio esencial de valoración desta proba é a correcta aplicación dos coñecementos dos/ as aspirantes e da súa formación profesional e a resolución dos problemas prácticos presentados.*

*No caso de que o tribunal estableza varios supostos e que non se valoren de forma idéntica todos eles, deberá darse a coñecer aos/as aspirantes a puntuación de cada suposto con carácter previo ao inicio da proba. De non especificarse a puntuación de cada suposto reputarase que teñen idéntica valoración cada un deles.”*

Os membros do Tribunal cualificador acordan que o primeiro exercicio da fase de oposición, proba práctica, **se celebre o día 10 de decembro de 2020 ás 9:00 horas no Centro de Desenvolvemento Local de Ponteareas (dirección: Lomba do Cruceiro SN - Ribadetea. Ponteareas, Tel.: 986 66 10 50).**

**Tempo máximo de realización da proba práctica: dúas horas.**

**A lectura do exercicio realizarase por todos os aspirantes o 10 de decembro de 2020, comezando ás 11:45 horas.**

A orde de lectura comezará polo aspirante cuxo primeiro apelido comece pola letra « S» (aplícase supletoriamente a Resolución do 30 de xaneiro de 2020 pola que se fai público o resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia -DOG de 10.02.2020-).



O secretario do tribunal

Carlos López Quintáns

Documento asinado electronicamente

